

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE MAIO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/93/2010.- José Antonio Vieiro Taboada.- Construcción auxiliar destinada a garaxe na parcela 14 R da rúa Pilar Miró.

SUBSANACION DE ERRO.-

Lic/1938/2008.- José Sismonde González.- Parcelación urbanística da parcela 665 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Busto-Berdía.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

380/08.- Ignacio Afonso López, en nome e representación de MONTELNOR, S. C. G.- Expte. Lic/1660/2007 900 €.-

1549/09.- M. Linarejos V Muela Pérez.- Expte. Lic/813/2009 4.467,68 €.-

897/10.- Promotora Matimán, S. L.- Expte. Lic/2522/2004 3.000 €.-

957/10.- Jesús Couselo Chenel.- Expte. Lic/781/2004 3.600 €.-

APERTURAS.-

Lap/255/2006.- Margherita Perani.- Restaurante na rúa Concepción Arenal nº 8 -Baixo. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Xustiza.

OCIHR

LICENZAS E APERTURAS.-

LAP/336/2009.- A ESTRADA CONSTRUBEN SL.- Licenza de obras e apertura para pensión de dúas estrelas na rúa Acebechería nº 2.

LAP/93/2009.- CAIXANOVA.- Licenza de obras e apertura para auditorio na rúa do Preguntoiro, nº 23

PRORROGA.-

LIC/720/2010.- ZOAR RESIDENCIAL SL.- Prórroga da licenza para reforma de edificio na rúa de San Lourenzo nº 41.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/667/2010.- PABLO SIERRA SOBRINO.- En garantía da licenza de rehabilitación de vivenda na rúa Calzada de Sar, 50 (LIC/667/2007)

DIS/918/2009.- ALBINO REY CANEDO.- Devolución da fianza depositada para responder dos posibles danos pola ocupación da vía pública na rúa da Algalía de Abaixo, nº 4.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa rectificación de erro no acordo nº 2 da sesión de data 9 de abril de 2010.

Corríxese o erro.

6.- Proposta da concellería delegada de Benetar Social relativa a adscripción á devandita concellaría do inmovible situado sobre o aparcadoiro da praza de Galicia.

Acórdase adscribir de novo á Concellería de Benestar Social, por un período dun ano a partir do 3 de xullo, o devandito inmovible, condicionando a duración da adscripción en todo o período ás necesidades doutras concellerías e departamentos do Concello.

7.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á apertura de prazo para as solicitudes de renovación das concesións de uso das hortas municipais no parque de Belvís, e de inclusión na nova lista de agarda; nomeamento da Comisión encargada de avaliar as solicitudes e documento para formalizar a renovación das concesións de uso.

Apróbase o prazo para a solicitude de renovación das concesións de uso das hortas municipais que será do 18 ao 31 de maio.

9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación das actividades do laboratorio móbil (MOVILAB).

Apróbanse as devanditas actividades.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa aos prazos de reserva e novas admisións para os obradoiros das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Apróbanse os seguintes prazos:

SOLICITUDE OBRADOIROS DE VERÁN 2010:

- **Prazo para os xa matriculados:** 12 ao 18 de maio.
- **Publicación lista admitidos xa matriculados:** 19 de maio.
- **Prazo para os novos admitidos:** 20 ao 27 de maio.
- **Listaxe novos admitidos:** 31 de maio.

SOLICITUDE OBRADOIROS CURSO 2010- 2011:

- **Prazo para os xa matriculados:** 01 ao 05 de xuño.
- **Publicación lista admitidos xa matriculados:** 07 de xuño.
- **Prazo para os novos admitidos:** do 8 ao 15 de xuño.
- **Listaxe novos admitidos:** 21 de xuño.
- **Matrícula:** 22 ao 28 de xuño.

12.- Proposta das concelleiras delegadas de Casco Histórico e Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Municipal Reguladora da emisión de ruídos e vibracións e condicións dos locais.

Apróbase o devandito proxecto.

13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á reserva dunha parcela para a Fundación Monte do Gozo.

Apróbase a reserva dunha parcela de 5.000 metros cadrados no SUNP-17 do Paxonal para albergar os servizos terapéuticos de Proxecto Home Santiago así como os servizos administrativos centrais de Proxecto Home Galicia.

14.- Plan Parcial do solo urbanizable delimitado número 18 (SUD-18). Caneiros – Boisaca
Acórdase a recepción do documento de avance do Plan Parcial do SUD-18 “Caneiros-Boisaca”.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á subsanación de erro no acordo de data 30 de marzo de 2010, relativo á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo.

Corríxese o erro.

16.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de lentes a un traballador.

Apróbase o devandito aboamento.

17.- Expedientes en materia de contratación.

- adxudícase o subministro de **planta de tempada para os axardinamentos da cidade** á empresa HORTIVAL NARÓN, SL, por importe de 16.700 euros.

- apróbanse os pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas así como o inicio do expediente para a contratación da **explotación da cafetería sita na Granxa do Xesto** por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 8.274 euros en concepto de canon a aboar polo adxudicatario.

- adxudícase provisionalmente o contrato de dirección facultativa das **obras de recuperación da zona verda na contorna do río Corvo (Salgueiriños)**, á empresa ARGÉ PAISAJISMO Y MEDIOAMBIENTE, SLNE, por importe de 23.185,82 euros.
- adxudícanse as **obras de ampliación da rede de saneamento na rúa de Muros (Vilvestro)**, á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 38.575,68 euros.
- adxudícanse as obras de **ampliación da rede de saneamento na rúa das Pedreiras**, á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 19.018,94 euros.
- adxudícase definitivamente o contrato de **“Creación, equipamento e desenvolvemento de infraestruturas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico: Sala Pantallas Policía Local, incluída no FES 2010”** á empresa TELVENT, SL, por un importe de 164.480,75 euros.
- Acórdase a adxudicación definitiva do contrato de **“Instalación de 3 estacións para bicicletas, na praza de Vigo, praza Rodrigo de Padrón e Avda. Xoan XXIII, incluída no FES 2010”** á empresa TUIMIL ELECTRICIDAD, SA, por importe de 56.701,72 euros.
- adxudícanse as **obras de ampliación da rede de abastecemento na rúa do Beado (Rocha Vella)** á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 25.184,27 euros.
- Adxudícase definitivamente o contrato para a **“Construcción de campo fútbol en Santa María de Vilvestro, incluída no FES 2010”** á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA, por un importe de 482.541,18 euros.
- adxudícase definitivamente o contrato para a obra **“Construcción de pistas de tenis e paddle en Sar, incluída no FES 2010”** á empresa PROYECTA, SL, por un importe de 275.608,48 euros (IVE aparte a soportar pola Administración: 44.097,36 euros).
- Acórdase a adxudicación definitiva do contrato de **“Subministro de 12 postes electrónicos de información en parada aos usuarios do transporte urbano de Santiago, incluída no FES 2010”** á empresa GMV SISTEMAS, SA, por importe de 44.675,86 euros.
- Adxudícase definitivamente o contrato do **“Peche do Casco Histórico por sistema de lector de matrículas, incluída no FES 2010”** á empresa TELVENT, SL, por un importe de 138.584,48 euros.
- Acórdase a adxudicación definitiva do contrato de **“Informatización e aplicación das novas tecnoloxías no ámbito social: Dotación de recursos informáticos para a Casa das Asociacións da área de benestar social, incluída no FES 2010”** á empresa TECNOCOM, SA, por importe de 43.060,34 euros.
- Adxudícase definitivamente o contrato para o **“Proxecto de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede de auga e renovación das instalacións de alumado público co obxecto de reducir o consumo enerxético, na rúa Torreira no Romáño, incluída no FES 2010”** á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS, SL por un importe de 212.836,30 euros.
- Adxudícase definitivamente o contrato para a **“Construcción no barrio de Santa Marta dun equipamento sociocultural consistente no primeiro centro cívico con sala independizable de usos múltiples, incluída no FES 2010”** á empresa COPCISA, SA, por un importe de 763.879 euros.
- Acórdase a adxudicación definitiva do contrato de **“Novas tecnoloxías e desenvolvemento dunha rede especializada de Información Xuvenil, incluída no FES 2010”** á empresa TECNOCOM, SA, por importe de 43.083,00 euros.
- Adxudícase definitivamente o contrato para o **“Subministro dun sistema de axuda á explotación do transporte urbano de Santiago, incluída no FES 2010”** á empresa GMV SISTEMAS, SA, por un importe de 155.172,41 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á achega dineraria en aplicación do Estatuto da Capitalidade.

Apróbase o texto do convenio remitido pola Consellería de Facenda que regula os libramentos de fondos por parte da mesma, que se derivan do establecido no marco da lei 4/2002 de 25 de xuño do Estatuto da Capitalidade da Cidade de Santiago de Compostela, en virtude do cal o Concello recibirá 3.180.000 euros en 2010.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa ao remate do procedemento por mutuo acordo da expropiación para a ordenación funcional da rúa de San Lázaro (Camiño Francés). Tramo estrada N-547.

Apróbase definitivamente e por mutuo acordo o expediente de expropiación iniciado para a obtención das parcelas definidas no proxecto de expropiación para a ordenación funcional da rúa de San Lázaro (Camiño Francés) tramo: estrada N-547; ratifícase o remate convenido do procedemento e afixación definitiva do prezo xusto por mutos acordo pola cantidade de 13.102 euros polo solo e 738,15 euros polas plantacións, xunto cos 450,76 euros consignados no seu día que constitúen partida de alzada por todos os conceptos que na orde conómica resulten a favor do expropiado.

20.- Dar conta da sinatura do convenio suscrito coa Consellería de Cultura e Turismo para a realización dos festivais internacionais de Compostela Máxica, Entredanzas, e dos ciclos sons da Diversidade e Cineuropa.

Dáse conta do convenio por importe de 90.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da Alcaldía relativa á adxudicación definitiva do servizo de celebración da Festa dos maiores 2010.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa CONGELADOS VELOSO, SL, por importe de 46.728,97

2.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros socioculturais relativa á elaboración das Bases para confección de listas de agarda na Banda de Música.

Acórdase a elaboración das devanditas bases.

3.- Solicitud de subvención para a organización do congreso “Cidade e Camiños Históricos, unha reflexión de futuro: Xacobeo 2010-2021”.

Solicítase unha subvención á Deputación da Coruña por importe de 80.000 euros, o 80% do orzamento previsto.